<ul style="list-style-type: none"> - Diferenciación e clasificación dos reinos monera, prototista, fungi, vexetal e animal. - Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas - As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...). - Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu).

UD	Título da UD	Duración
10	As plantas	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	Identificar as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e plantas máis comúns.	PE	100
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.			
CA3.3.4. - describe as características dos principais grupos de plantas e clasifica os principais subgrupos	Identificar as principais categorías taxonómicas ás que pertencen as plantas máis comúns. Describir as características xerais dos grandes grupos de plantas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenciación e clasificación dos reinos monera, prototista, fungi, vexetal e animal. - Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas - As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...). - Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu).

UD	Título da UD	Duración
11	Os ecosistemas	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Coñecer os compoñentes dun ecosistema establecendo as relacións existentes entre eles.	Recoñecer os compoñentes dun ecosistema.	PE	80
CA6.2 - Explicar as características xerais dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos facendo unha especial referencia aos ecosistemas galegos.	Explicar as características xerais dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos.		
CA6.3 - Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios indicando estratexias para restablecelos e difundindo accións que favorezan a conservación medioambiental.	Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar criticamente a solución a un problema ambiental.	TI	20
CA6.5 - Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas etc. e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias.		
CA6.6 - Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.	Relacionar con fundamentos científicos o desenvolvemento sostible.		
CA6.7 - Propoñer e adoptar hábitos sostibles analizando dunha maneira crítica as actividades propias e alleas a partir dos propios razoamentos, dos coñecementos adquiridos e da información dispoñible.	Propoñer hábitos sostibles a partir dos coñecementos adquiridos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os ecosistemas: - Elementos bióticos e abióticos. Relacións intraespecíficas e interespecíficas. - Importancia da conservación dos ecosistemas, a biodiversidade e a implantación dun modelo de desenvolvemento sostible. - Exemplos da contorna. - Impactos sobre os ecosistemas ocasionados por actividades humanas. - Importancia da adquisición dos hábitos sostibles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao medio ambiente).

4.1. Concrecións metodolóxicas

As propostas pedagóxicas elaboraranse tendo en conta a atención á diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo a aprendizaxe en equipo. A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual do alumnado e o traballo cooperativo.

Así mesmo, traballaranse os valores transversais fomentando especialmente a comprensión lectora e a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

No proceso de ensinanza e aprendizaxe han de asegurar distintos tipos de aprendizaxe:

- 1º: Aprendizaxe significativa. Partindo dos coñecementos previos, os alumnos e alumnas han de de ser capaces de aprender a aprender, para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.
- 2º: Aprendizaxe funcional. Os novos contidos deberán ser empregados polos alumnos/as cando así estes o precisen. Para iso débese facer unha memorización comprensiva e razoada.
- 3º: Aprendizaxe cooperativa. Traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates, aumentará o interese pola mesma.
- 4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TICs. Coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como apoio constante ás explicacións

TIPOS DE ACTIVIDADES E PROXECTOS

A metodoloxía didáctica adaptarase ás características de cada alumno/a, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo/a e para traballar en equipo, iniciándoo no coñecemento da realidade de acordo cos principios básicos do método científico. Ademais terase en conta:

- Incorporación da dimensión práctica ás áreas.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Fomentar a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

- a) Introducción á unidade didáctica.
- b) Análise dos coñecementos previos dos alumnado.
- c) Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.
- d) Resumo e síntese dos contidos da unidade.

TIPOS DE AGRUPAMENTOS

As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:

- Gran grupo.
- Equipos de traballo cooperativo.
- Traballo individual.

CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro do alumno/a. Así mesmo, contribuírase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas e kahoots.

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material de elaboración propia
Aula virtual da materia
Fichas de actividades de consolidación
Fichas de actividades de reforzo
Fichas de actividades de ampliación
Dotación da aula (encerado dixital, tradicional, pupitres...)
Laboratorio (instrumentación e materiais propios)
Libro de texto (Bioloxía e Xeoloxía de 1º ESO - Ed. SM Xerme)

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal.

O espazo empregado para as clases prácticas serán os laboratorios de bioloxía e xeoloxía, dotados do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán apuntes e actividades de elaboración propia, estas actividades serán realizadas e corregidas na clase e serán avaliadas en cada unidade. Haberá ademais actividades de repaso na aula virtual, que tamén deberán ser realizadas antes dun prazo determinado.

Se fose necesario proporcionaranse actividades de reforzo ou ampliación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias e contidos básicos. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento das destrezas da materia así como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión de avaliación inicial establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	3	7	10	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	0	55	100	70	70	70	100	100	100	100
Táboa de indicadores	100	45	0	30	30	30	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	100
Proba escrita	80	83
Táboa de indicadores	20	17

Criterios de cualificación:

Ao final de cada unidade didáctica realizarase unha proba escrita cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación. En cada unha das tres avaliacións, realizarase unha media aritmética das notas das probas escritas. Esta media, representará o 70% da nota da avaliación.

O outro 30%, vén definido polos criterios de avaliación que se recollen nas táboas de indicadores. Estes criterios de avaliación, estarán asociados a distintas rúbricas e listas de cotexo que se analizarán en distintos procedementos de avaliación ao longo de todas as unidades:

- Prácticas de laboratorio
- Traballos cooperativos
- Traballos individuais
- Caderno de aula

- Proxecto científico
- Fichas de actividades de consolidación
- Fichas de actividades de reforzo
- Fichas de actividades de ampliación

Polo tanto, os pesos para o cálculo da nota final en cada avaliación estarán representados por:

70% probas escritas

30% táboas de indicadores

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

No caso de que algún alumno ou alumna sexa sorprendido copiando nas probas escritas, dita proba será cualificada cun 0 e poderá realizarse unha recuperación cando o profesorado o considere adecuado. No caso de non asistir a algunha proba escrita ou actividade o alumnado deberá xustificar convenientemente a falta, e faráselle a correspondente proba cando o profesorado o considere oportuno; de non estar a ausencia debidamente xustificada non se lle volverá a facer a proba se o profesorado non o considera oportuno.

No caso de detectarse algún plaxio na elaboración dos traballos (individuais ou colectivos) cualificarase como 0 e deberá volver a ser realizado ou quedar suspenso, segundo o profesorado o considere.

Se a media de cada avaliación é igual ou superior a 5 dita avaliación considérase superada

Se a media das tres avaliacións é igual ou superior a 5 considérase a materia superada.

Cráterios de recuperación:

En caso de que a media das tres avaliacións non sexa igual ou superior a 5, realizarase ao final da terceira avaliación unha proba escrita das unidades non superadas, baseándose nos contidos mínimos establecidos na programación. Se a nota desta recuperación é igual ou superior a 5 a materia considerárase superada, se non o é a materia quedará suspenso. Poderanse realizar outras recuperacións parciais ao longo do curso se o profesorado o considera preciso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao tratarse este curso do primeiro da correspondente etapa educativa, non se pode dar o caso de que o alumnado deba recuperar materia algunha pendente do curso anterior. O que si pode ocorrer é que o alumno ou alumna teña promocionado dende o último curso de Educación Primaria sen ter superado a correspondente materia de Ciencias da Natureza. De suceder isto, realizarase un seguimento individualizado do alumno ou alumna a fin de considerar a necesidade de establecer o preceptivo reforzo educativo dirixido a garantir que no seu caso o proceso de ensino non se vexa afectado por este feito.

Os estudantes que se atopen cursando 2º, 3º ou 4º da ESO contarán cun plan de recuperación da materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º de ESO.

O plan de traballo para a recuperación das materias pendentes, exporase ao alumnado implicado, nunha reunión que se convocará durante o primeiro trimestre. As liñas básicas deste plan son as seguintes:

- Na reunión indicada, a xefa do departamento entregará ao alumnado unhas fichas de repaso da materia pendente con indicacións sobre a materia a recuperar.
- Ao longo do curso faranse reunións informativas e de orientación sobre as probas de recuperación: mínimos esixíbeis, procedementos, materiais, modelos de exame, temporalización.
- As comunicacións serán a través da aula virtual e da tutoría de pendentes.
- O alumnado deberá cumprimentar as actividades de reforzo e entregar as fichas cumprimentadas.
- O alumnado terá que realizar as probas parciais ou a proba final, se é o caso.

Para facilitar ao máximo a recuperación das materias pendentes ao alumnado nestas circunstancias poranse en marcha as seguintes actuacións:

- Como procedemento ordinario realizarase unha partición da materia a recuperar en dúas partes. Durante o primeiro e o segundo trimestres facilitarase ao alumnado os boletíns con actividades e indicacións sobre a materia a recuperar. Estes boletíns deberán ser entregados debidamente cumprimentados.
- A xefa do departamento, estará a disposición deste alumnado para resolver calquera dúbida que se presente.
- Cada profesor/a, no curso no que imparta docencia, axudará ao alumnado con materias pendentes que o solicite, coas explicacións que considere necesarias.

Actividades de avaliación das materias pendentes:

As actividades de avaliación para superar as materias pendentes son:

- Entrega dos boletíns de recuperación da materia.

- Dous exames parciais que serán convocados, un a finais de xaneiro e outro a principios de abril, e versarán sobre os contidos esixibles propostos na programación anual.

Para superar a materia pendente os alumnos e alumnas deberán entregar debidamente cumprimentados os boletíns e aprobar os dous exames parciais.

os alumnos/as que entre estes dous exames non obteñan unha cualificación media igual ou superior 5 terán que realizar unha terceira proba global que terá lugar a principios de maio. A data concreta de realización destas probas será fixada máis adiante polo Departamento, de acordo co titor de pendentes, e comunicada ós alumnos.

Para a avaliación do alumnado terase en conta a nota dos boletíns e a nota das probas escritas. A nota dos boletíns terá un peso do 40 % e cada unha das dúas primeiras probas escritas un 30 %.

O alumnado coa bioloxía e xeoloxía pendente e non superada nas avaliacións parciais de pendentes, poderá presentarse a unha proba final en xuño. A nota desta proba suporá o 100% da cualificación final e debe ser igual ou superior a 5 para que a materia se considere superada.

Criterios para superar as materias pendentes

Os criterios para superar as materias pendentes son:

Superar as probas parciais, ou no seu defecto a proba final sobre a materia pendente. As probas estarán deseñadas de xeito que permitan comprobar a adquisición dos contidos mínimos esixibles de 1º de ESO.

Entregar debidamente cumprimentadas as tarefas contidas nos dous boletíns, que se lles entregarán ao alumnado: o primeiro na reunión do primeiro trimestre e o segundo o día do primeiro exame parcial. De non ser así, deberán ser entregados durante o exame global de maio ou durante o período de recuperación comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación final, segundo corresponda. Os boletíns estarán deseñados de xeito que desenvolvan fundamentalmente os contidos mínimos esixibles en 1º de ESO.

Este curso escolar impleméntase no centro a titoría de alumnado de ESO con materias pendentes. Durante este ano académico 2024-2025, esta función será desenvolta pola profesora María Isabel Ventoso Millet.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

- En 1º de ESO, durante este curso, hai alumnado afectado por dislexia,TEA, dislalia, e TEL.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da Lectura		X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación Audiovisual		X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital		X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico		X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores		X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero		X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Creatividade		X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.7 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
recollida de lixo na praia	charla sobre os residuos plásticos e recollida de lixo na praia	X		
saídas na contorna	saídas preto do instituto para coñecer a flora e fauna da zona	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Combinación do traballo individual co traballo cooperativo
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE na elaboración de probas escritas
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con dificultades de aprendizaxe na elaboración de probas escritas
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
apoyo e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Descrición:

Os procedementos e instrumentos que utilizaremos para avaliar o proceso da práctica docente serán:

- A reflexión individualizada en base aos resultados de aprendizaxe obtidos.
- A reflexión conxunta despois de cada avaliación en base aos datos estadísticos dos resultados obtidos e gráficas comparativas, nas reunións de departamento.
- Finalmente, unha avaliación final conxunta que quedará reflectida na memoria de final de curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de avaliación será a través de tres modelos:

Heteroavaliación:

O profesorado poderá obter información da práctica docente a través dun cuestionario individual e anónimo.

Este cuestionario está incluído na aula virtual do centro e consta de preguntas

vinculadas aos indicadores sinalados no apartado anterior.

O cuestionario realizarase durante o horario lectivo en coordinación coa xefatura de estudos.

Autoavaliación e Coavalilación.

Cada docente de forma individual e dentro dos órganos colexiados avaliará a súa práctica docente a través das seguintes ferramentas:

A análise de resultados realizado dende xefatura de estudos e presentados en Claustro e Consello Escolar.

A análise de resultados recollida en acta de cada departamento.

O Seguimento final realizado na aplicación Proens por cada docente

A memoria final de cada departamento.

Reflexión privada do propio docente, con énfase na análise dos seus resultados e propostas de mellora, que se recollerá no caderno do profesor.

9. Outros apartados